



### CONCELLOS

#### BARALLA

##### *Anuncio*

Mediante resolución de Alcaldía do día 22 de abril de 2026 aprobáronse as bases específicas que rexerán a bolsa de emprego para a ampliación da bolsa que servirá para contratación de persoal para atender a substitucións do persoal auxiliar de axuda no fogar, xa que a que foi constituída no ano 2021 esta esgotada. Os traballadores contratados prestarán os seus servizos, de carácter temporal, sendo o seu cometido levar a cabo as tarefas propias de cada posto ou calquera outra que lle poda encomendar a Alcaldía, que garden relación co posto a desempeñar e que afecten ao funcionamento do Servizo.

**Prazo de presentación de solicitudes:** nos cinco días naturais seguintes ao da publicación deste anuncio de convocatoria no BOP.

Máis información nas **bases específicas** da convocatoria que poderán ser consultadas no taboleiro de anuncios do Concello de Baralla e na sede electrónica do Concello <https://baralla.sedelectronica.es>

Este proceso selectivo está **exento de taxas**.

Baralla, 24 de abril de 2026.- O alcalde, Miguel González Piñeiro.

R. 1069

#### BURELA

##### *Anuncio*

De conformidade co disposto no artigo 23.4 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no artigo 61.3 da Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, artigos 43 e 44 do Real Decreto 2.568/86, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e co previsto nos artigos 58.1 da Lei 20/2011, de 21 de xullo, de Rexistro Civil e 51 do Código Civil, publícase que pola Alcaldía do Concello de Burela en data 21 de agosto de 2024 adoptou Decreto que di:

**PRIMEIRO-** Delegar no Primeiro Tenente de Alcaldesa de esta Corporación Mario Pillado Mon a competencia para a autorización do matrimonio civil entre Antía Pérez García e Laura Sofía Semedo Brito, que se celebrará o día vinte e oito de abril do dous mil vinte e seis, ás 09:30 horas, no Salón de Plenos do Concello de Burela.

**SEGUNDO:** Dar traslado da presente Resolución ao Pleno Corporativo na primeira sesión ordinaria que celebre.

Burela, 24 de abril de 2026.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 1070

#### CASTROVERDE

##### *Anuncio*

Que por resolución de alcaldía de data 22 de abril de 2026, ditouse a seguinte resolución, aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do servizo de ximnasia de mantemento e baile de salón correspondente ao mes de marzo de 2026, por un importe de 865 euros. O padróns quedará exposto ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación no BOP, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes.

Dado que os recibos están domiciliados, enviaranse as respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas.

Contra as liquidacións comprendidas no padrón poderase formular recurso de reposición, anterior ao contencioso administrativo, perante a Alcaldía no prazo de un mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón.

Así mesmo, acordase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público: dende o 30 de abril de 2026 ao 30 de xuño 2026, ámbolos dous inclusive.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Así mesmo faise saber que dita publicación surtirá de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria

Castroverde, 23 de abril de 2026.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 1071

## CERVO

### *Anuncio*

Aprobado definitivamente polo Pleno do Concello, en sesión do 28 de abril de 2026, o expediente para a aprobación da "Ordenanza reguladora da prestación patrimonial pública non tributaria do servizo municipal de residencia e centro de día do Concello de Cervo", con resolución expresa das reclamacións presentadas durante o período de información pública, faise público o seu texto íntegro.

### **ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL PÚBLICA NON TRIBUTARIA DO SERVIZO MUNICIPAL DE RESIDENCIA E CENTRO DE DÍA DO CONCELLO DE CERVO**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Concello de Cervo é titular do servizo público de residencia e centro de día para persoas maiores, competencia municipal conforme á lexislación de réxime local e en coordinación co sistema público de servizos sociais da Comunidade Autónoma de Galicia.

O servizo préstase mediante contrato de concesión de servizos, ao abeiro da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

De conformidade co artigo 20.6 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, as contraprestacións económicas establecidas coactivamente pola prestación de servizos públicos xestionados indirectamente teñen a condición de prestacións patrimoniais públicas non tributarias.

A aprobación da presente ordenanza realízase conforme ao procedemento previsto no artigo 49 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, e aos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Así mesmo, o servizo intégrase no Sistema Galego de Servizos Sociais, de conformidade coa Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, e demais normativa de desenvolvemento.

#### **CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS**

##### **Artigo 1. Obxecto**

A presente ordenanza ten por obxecto regular:

- a) A natureza xurídica da prestación económica derivada do servizo.
- b) Os elementos esenciais da prestación patrimonial pública non tributaria.
- c) O sistema de determinación e actualización das tarifas.
- d) O réxime de devengo e pagamento.

##### **Artigo 2. Natureza xurídica**

1. As cantidades esixidas pola utilización do servizo teñen a natureza de prestación patrimonial pública non tributaria, conforme ao artigo 20.6 do TRLRHL.
2. Non teñen carácter tributario nin natureza de taxa.
3. A súa esixencia fundamentase na titularidade pública do servizo e na súa prestación en réxime de concesión administrativa.

**Artigo 3. Marco normativo aplicable**

O servizo réxese por:

- a) Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- b) Real Decreto Legislativo 2/2004 (TRLRHL).
- c) Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público.
- d) Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común.
- e) Lei 13/2008, de Servizos Sociais de Galicia.
- f) Normativa autonómica de autorización e acreditación de centros.

**CAPÍTULO II. ELEMENTOS DA PRESTACIÓN****Artigo 4. Feito determinante**

Constitúe o feito determinante a utilización efectiva do servizo municipal de:

- a) Praza residencial en calquera grao de dependencia.
- b) Praza de centro de día.
- c) Servizos complementarios asociados.

**Artigo 5. Suxeitos obrigados**

1. Están obrigadas ao pagamento as persoas usuarias do servizo.
2. No seu caso, os seus representantes legais ou obrigados civís.
3. A determinación da capacidade económica, cando proceda, realizarase conforme á normativa autonómica de servizos sociais.

**Artigo 6. Determinación e Actualización das Tarifas**

A contía da prestación patrimonial pública non tributaria deberá garantir a cobertura do custo efectivo do servizo.

**CAPÍTULO III. RÉXIME ECONÓMICO E REVISIÓN****Artigo 7. Determinación inicial**

1. As tarifas iniciais aplicables á prestación do servizo serán aprobadas polo órgano de contratación.
2. O acordo de aprobación terá como finalidade axustar as tarifas previstas na adxudicación á estrutura de custos reais e actuais, así como ás circunstancias socioeconómicas existentes no momento do inicio do servizo, para garantir o equilibrio económico-financeiro da concesión.

**Artigo 8. Revisión de prezos**

1. A modificación das tarifas durante a vixencia do contrato rexerá polo estipulado no correspondente contrato administrativo e deberá axustarse, en todo caso, a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
2. O órgano de contratación será o competente para acordar as modificacións, que poderán ser tanto a alza como a baixa e de oficio ou por solicitude da entidade concesionaria, cando concorran as circunstancias que o xustificuen legal e contractualmente.
3. Toda modificación axustaranse en todo caso ao procedemento, supostos e requisitos establecidos na lexislación vixente en materia de contratos do sector público, garantindo en todo momento a protección do interese xeral e o mantemento do equilibrio económico-financeiro do contrato.
4. A aprobación da modificación non requirirá a modificación da presente Ordenanza e producirá efectos desde a súa publicación no perfil de contratante do Concello. Asemade, para os efectos meramente informativos, dita aprobación publicarase no taboleiro de anuncios da residencia e centro de día, así como no taboleiro de anuncios físico do Concello.

**CAPÍTULO IV. DEVENGO E PAGAMENTO****Artigo 9. Devengo**

1. A obriga de pagamento nace no momento do ingreso efectivo no servizo.
2. As cotas devengaránse mensualmente o primeiro día de cada mes natural, ou a parte proporcional que corresponda.

**Artigo 10. Facturación e pagamento**

1. A facturación será mensual.

2. O pagamento realizarase por domiciliación bancaria, dentro dos 5 primeiros días de cada mes. De xeito excepcional, debidamente acreditado no expediente, admitiranse outras formas de pago.
3. As fraccións prorratearanse por días efectivos, nos casos de alta e baixa no servizo.
4. No caso de ausencias por hospitalización ou vacacións superiores a 15 días, a persoa usuaria pagará o importe correspondente á estancia efectiva no centro, descontándose os días de ausencia.

#### **Artigo 11. Impago**

O impago poderá dar lugar:

1. Ao requirimento de pago realizado polo Concello, mediante o procedemento administrativo que corresponda, incluído o procedemento de constrinximento.
2. Á adopción das medidas previstas na normativa aplicable ao contrato suscrito co usuario.
3. Á suspensión do servizo nos termos previstos no Regulamento do Servizo.

### **CAPÍTULO V. GARANTÍAS XURÍDICAS**

#### **Artigo 12. Procedemento**

Os actos administrativos derivados da aplicación desta ordenanza axustaranse ao disposto na Lei 39/2015.

#### **Artigo 13. Recursos**

Contra os actos de aplicación da presente ordenanza poderán interpoñerse os recursos administrativos e contencioso-administrativos previstos na normativa vixente.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

A presente ordenanza enténdese sen prexuízo das competencias da Xunta de Galicia en materia de servizos sociais.

#### **DISPOSICIÓN DERROGATORIA**

Quedan sen efecto aquelas disposicións municipais que contradigan o establecido nesta ordenanza.

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

A ordenanza entrará en vigor tras a súa aprobación definitiva e publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985.

Contra o presente Acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con sede na Coruña, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Cervo, 28 de abril de 2026.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 1099

## **GUITIRIZ**

### *Anuncio*

Aprobados por Decreto da Alcaldía os padróns do 1º trimestre do ano 2026 correspondentes a auga, lixo, canon e sumidoiros, por medio do presente faise público que durante o prazo quince días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, quedan de manifesto nas oficinas do Concello de Guitiriz, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación dos correspondentes padróns, poderán interpoñer con carácter preceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública dos correspondentes padróns.

A cobranza en período voluntario das taxas dos padróns de auga, lixo, canon e sumidoiros correspondentes ao primeiro trimestre do 2026, terá lugar dende o días **04/05/2026 ao 03/07/2026** (ambos incluídos). O cobramento efectuarase nalgunha das seguintes modalidades: mediante o sistema de domiciliación bancaria, segundo os datos facilitados polos suxeitos pasivos que obren nesta Administración ou presencialmente en calquera oficina ou caixeiro de ABANCA co código xerado no recibo.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no citado artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, as débedas relativas á auga, lixo e sumidoiros faranse efectivas pola vía de constrinximento e serán esixibles os recargos do período executivo e xuros de demora que correspondan, tal como se estipula nos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e, se é o caso, os custos que se produzan.

A falta de pago en período voluntario do canon de auga suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación, de conformidade co disposto no artigo 49.7 do 136/2012, do 31 de maio, por lo que se aproba o Regulamento do canon do auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Guitiriz, 24 de abril de 2026.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 1072

## O INCIO

### *Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Pleno desta Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 24 de abril de 2026, o expediente de modificación de créditos (Gestiona128/2026), expediente de suplemento de crédito dentro do vixente Orzamento de 2026, por importe de 398.397,92 € (trescentos noventa e oito mil trescentos noventa e sete euros con noventa e dous céntimos).

Por medio do presente, expónse ao público o antedito expediente de modificación de créditos, polo prazo de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de que os interesados poidan examinalo e presentalas reclamacións ou alegacións que estimen pertinentes, de conformidade co disposto nos artigos 169 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das Facendas Locais e 38, en relación cos artigos 20 e 22 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril.

O Incio, 27 de abril de 2026.- O alcalde-presidente, D. Héctor M. Corujo González.

R. 1100

## LUGO

### *Anuncio*

Faise saber que ó abeiro da Ordenanza Fiscal Xeral o enderezo fiscal de cada contribuínte é único perante o Concello de Lugo e coincidirá co de empadramento, salvo notificación expresa ao Concello doutro diferente. O citado enderezo fiscal remitiránse todos os recibos do contribuínte.

Así mesmo faise saber ós contribuíntes e interesados de que a partir do vindeiro 20 de abril e ata o 22 de xuño do ano 2026, ambos inclusive, pónse o cobro en período voluntario o padrón de subministración de auga e IVA s/seu consumo, recollida de lixo, sumidoiros, aluguer de contador e canon da auga correspondente ó primeiro trimestre de 2026.

Para o cobramento do mesmo, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, éstos seránlles cargados nas contas bancarias respectivas o día 27 de abril de 2026.

Para o resto dos contribuíntes, os documentos de cobro seránlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectua-lo pago en calquera oficina de Abanca, Caixabank, BBVA, Banco Sabadell, Banco Santander, Caixa Rural Galega e Correos. No caso de non recibilos, o obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais, sitas na Ronda da Muralla Nº197-planta baixa (Negociado de Augas), para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Advértese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectua-lo pagamento das débedas, poderase realizar o mesmo incrementado cun 5% de recargo executivo ata o día 20 de xullo de 2026 utilizando o mesmo recibo en calquera das oficinas de Abanca, Caixabank, BBVA, Banco Sabadell, Banco Santander, Caixa Rural Galega e Correos; todo isto sen prexuízo de que se poida iniciar o procedemento de constrinximento, co recargo, xuros e custas que se poideran producir.

A falta de pagamento do canon de auga no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Lugo, 17 de abril de 2026.- A tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Ana María González Abelleira.

R. 1073

### *Anuncio*

Por acordo da Xunta de Goberno Local do día 15 de abril de 2026, aprobouse, entre outros, o procedemento de licitación para a **CONCESIÓN DO USO PRIVATIVO DE BENS DE DOMINIO PÚBLICO CON DESTINO A ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS PESADOS NA ZONA INDUSTRIAL DE AS GÁNDARAS. EXP. REF. 2025/C012/000005.**

Por medio deste anuncio dáse a coñecer a licitación conforme ás seguintes características:

#### **1.- Entidade adxudicadora.**

- a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.
- b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación e Patrimonio.

#### **2.- Obxecto do contrato.**

a) **Descrición do obxecto:** Regular a concesión para a utilización privativa das parcelas con referencia catastral 8060902PH1686S0001QI e 83669G8PH1686N0001LM, cunha superficie total aproximada de 44.369 m2, situadas no parque empresarial de As Gándaras, de titularidade pública municipal, con destino á explotación, por parte do adxudicatario e ao seu cargo, dunha área de estacionamento segura e protexida en superficie para camións e vehículos pesados de transporte

b) **Prazo de duración:** O prazo de utilización privativa do dominio público será de DEZ (10) anos, contados a partir do día da formalización da concesión en documento administrativo. Este prazo terá carácter improrrogable.

#### **3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.**

a) **Tramitación:** ordinaria.

b) **Procedemento:** aberto.

4.- **Tipo de licitación:** O canon a pagar polo concesionario establécese nun mínimo de 1.600 euros anuais, resultando finalmente o canon ofertado á alza por este na súa oferta económica.

#### **5.- Garantías:**

a) **Provisional:** Non se esixe.

b) **Definitiva:** 18.808 euros.

#### **6. Obtención de documentación e información.**

a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197, 3ª planta.

c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Teléfonos:** (982) 29-71-43, 29-73-01, 29-71-44

e) **Dirección internet:**

([https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3Abusqueda\\_licitacion\\_vis&ubicacionOrganica=ol2NrbY OV10%3D](https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3Abusqueda_licitacion_vis&ubicacionOrganica=ol2NrbY OV10%3D).)

f) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

#### **7.- Requisitos específicos dos contratista.**

a) **Outros requisitos:** Os sinalados nas bases reguladoras

#### **8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.**

a) **Data límite de presentación:** O prazo de presentación de proposicións será de **TRINTA DÍAS HÁBILES** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

b) **Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula novena das bases.

**c) Lugar de presentación:**

**1ª Entidade** Os licitadores deberán preparar e presentar as súas ofertas obrigatoriamente de forma telemática a través da plataforma de licitación electrónica do Concello de Lugo (LECOL) que está a disposición dos licitadores na seguinte dirección: [https://lecol.lugo.gal/SLE\\_Internet](https://lecol.lugo.gal/SLE_Internet)

**9.- Apertura das ofertas.**

**a) Entidade:** Concello de Lugo.

**b) Domicilio:** Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta).

**c) Localidade:** Lugo.

**d) Data:** O acto público de apertura da documentación e oferta dos interesados celebrárase ó **segundo día hábil** posterior ó remate do prazo de presentación **ás 9:00 horas** agás modificación publicada cunha antelación de 24 horas no perfil do contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

**10.- Outras informacións:** As que se recollen nas bases reguladoras.

Lugo, 17 de abril de 2026.- A tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Ana María González Abelleira.

R. 1074

---

*Anuncio*

Este Concello comunica a exposición pública da matrícula do IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS, correspondente ó exercicio 2026, elaborada pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, conforme dispón o artigo 91 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das Facendas Locais e o artigo 3 do RD 243/1995, do 17 de febreiro, polo que se dictan normas para a xestión do Imposto sobre Actividades Económicas.

A matrícula, constituída polos censos comprensivos de tódolos suxeitos pasivos que exerzan actividades económicas suxeitas ó IAE, (exentos e non exentos) estará a disposición dos obrigados tributarios ou os seus representantes, durante o prazo de 15 días que comezará a contar dende o día inmediato seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no Servicio de Facenda Local, situado na Rda. Muralla, 197, 2º andar, en horario de oficina (9:00 a 14:00 horas). Así mesmo, a dita matrícula inclúe as cotas provinciais e nacionais cando o enderezo fiscal do suxeito pasivo corresponda a este Concello. Este anuncio será publicado así mesmo nos diarios locais de maior difusión da provincia.

Para a consulta dos datos da matrícula se utilizarán preferentemente medios informáticos mediante atención personalizada, debendo os interesados acreditar a condición de obrigado tributario ou o seu representante para os efectos de facilitarlles o acceso á información tributaria correspondente, por tratarse de datos protexidos de conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Caracter Persoal.

Advírtese que a inclusión dun suxeito pasivo na matrícula, así como a exclusión ou alteración de calquera dos datos ós que esta se refire, constitúen actos administrativos contra os que cabe interpoñer, no prazo de 15 días que comezará a contar dende o día seguinte ó do término do período de exposición pública da matrícula, recurso de reposición ante o Delegado da Axencia Estatal de Administración Tributaria de Lugo competente por razón do territorio, ou reclamación ante o Tribunal Económico-Administrativo Rexional no mesmo prazo, sen que poidan simultanearse ámbolos dous recursos (art. 91 do RD Lexislativo 2/2004, do 05/03, e 4 do Real Decreto 243/1995, do 17 de febreiro).

Lugo, 15 de abril de 2026.- A 4.ª tenente de alcalde delegada da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, en virtude de designación da Alcaldía segundo o seu Decreto n.º 10280/2025, do 04/11/2025, así como da delegación por acordo n.º 40/607 da Xunta de Goberno Local do 26 de xullo de 2023, Ilma. Sra. dona Ana María González Abelleira.

R. 1101

---

**MONFORTE DE LEMOS***Anuncio*

**APROBACIÓN DO LISTADO DE COBRO DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER NON TRIBUTARIO POLA REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER NON TRIBUTARIO POLO ABASTECIMENTO DE AUGA E DO PADRÓN DO CANÓN DA AUGA DO 2º BIMESTRE 2026 (MARZO-ABRIL) E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Xunta de Goberno Local do día 20.04.2026 aprobáronse o listado cobratoiros da prestación patrimonial de carácter non tributario pola rede de sumidoiros e depuración e da prestación patrimonial de carácter non tributario polo abastecemento de auga, así como do Padrón do Canon da auga 2ºbimestre 2026 (marzo-abril).

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notificanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, a contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria do listado cobratorio da prestación patrimonial de carácter non tributario pola rede de sumidoiros e depuración e da prestación patrimonial de carácter non tributario polo abastecemento de auga, así como do Padrón do Canon da auga, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas Locais, contra o acordo de aprobación do listado cobratorio da prestación patrimonial de carácter non tributario pola rede de sumidoiros e depuración e da prestación patrimonial de carácter non tributario polo abastecemento de auga, así como do Padrón do Canon da auga, poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso -administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 29/98 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co artigo 49.7 do Decreto 136/2012 do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico -administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende se entenda producida a notificación.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o artigo 13 da Ordenanza Xeral de Xestión de Ingresos Municipais de Dereito Público fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día 29/04/2026 ata o 29/06/2026.

De acordo co artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos poderán facer o pago dos mesmos mediante :

- 1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca en horario de atención ao público.
- 2) A través de caixeiros automáticos da devandita entidade financeira.
- 3) A través da páxina web [www.aqualia.es](http://www.aqualia.es).

Transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse os correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

A falta de pagamento en período voluntario do canon suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Monforte de Lemos, 21 de abril de 2026.- O alcalde, P.D. Decreto de data 21.06.2023, a primeira tenente de alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 1075

### *Anuncio*

#### **APROBACION PADRÓN FISCAL TAXA POLA UTILIZACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL E DEMAIS INSTALACIÓNS ANEXAS, PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ABONADOS E DO SERVIZO DE CURSOS DE NATACIÓN INTERNOS E EXTERNOS DO MES DE MARZO 2026 E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Xunta de Goberno Local do día 20.04.2026 aprobouse o padrón da Taxa pola utilización da piscina municipal e demais instalacións anexas correspondente o servizo de abonados e do servizo de cursos de natación internos e externos do mes de marzo do 2026.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral tributaria, notificanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación do padrón e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública



do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 18.05.2026 ata o 20.07.2026.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 21 de abril de 2026.- O alcalde, P.D. Decreto de data 21.06.2023, a primeira tenente de alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 1076

### Anuncio

#### APROBACIÓN DEFINITIVA DE EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CRÉDITOS 21/2026

Publicado no Boletín Oficial da Provincia número 075 do día 4 de abril de 2026 o anuncio referente á exposición ao público do expediente núm. 21/2026 de modificación de créditos baixo a modalidade de suplemento de crédito por importe de 1.726.580,25€, financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería de exercicios anteriores, segundo o previsto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, aprobado polo Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada o día 30 de marzo de 2026. Transcorrido o prazo da citada exposición sen presentarse reclamacións, conforme ao artigo 38 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, enténdese definitivamente aprobado.

Contra a aprobación definitiva do expediente poderá interperse directamente Recurso Contencioso-Administrativo na forma e prazo que establecen as normas da devandita xurisdición.

Resumo do orzamento trala modificación:

#### Estado de INGRESOS

CAP	CONSIGNACIÓN ACTUAL	MODIFICACIÓN	CONSIGNACIÓN DEFINITIVA
I	5.841.500,79		5.841.500,79
II	450.000,00		450.000,00
III	3.806.911,69		3.806.911,69
IV	8.671.185,20		8.671.185,20
V	91.000,00		91.000,00
VI	0,00		0,00
VII	1.604.178,79		1.604.178,79
VIII	3.349.101,77	1.726.580,25	5.075.682,02
IX	0,00		0,00
	23.813.878,24	1.726.580,25	25.540.458,49

#### Estado de GASTOS

CAP	CONSIGNACIÓN ACTUAL	MODIFICACIÓN	CONSIGNACIÓN DEFINITIVA
I	6.401.087,53		6.401.087,53
II	10.609.984,62	261.082,06	10.871.066,68
III	72.614,80		72.614,80
IV	1.138.993,96		1.138.993,96

V	0,00		0,00
VI	4.100.633,17	1.465.498,19	5.566.131,36
VII	1.447.064,16		1.447.064,16
VIII	6.000,00		6.000,00
IX	37.500,00		37.500,00
	23.813.878,24	1.726.580,25	25.540.458,49

Monforte de Lemos, 28 de abril de 2026.- O alcalde, José Tomé Roca, P.D. Decreto de data 21.06.2023, a primeira tenente de alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 1102

### *Anuncio*

#### APROBACIÓN DO PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO 2026-2027 DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

O Pleno do Concello de Monforte de Lemos en sesión ordinaria celebrada o día 27 de abril de 2026 adoptou acordo de aprobación do Plan Económico Financeiro (PEF) 2026-2027 desta entidade local.

O que se fai público para os efectos do establecido no artigo 23.4 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira; atopándose a disposición do público nas dependencias da Intervención Municipal.

Monforte de Lemos, 28 de abril de 2026.- O alcalde, José Tomé Roca, P.D. Decreto de data 21.06.2023, a primeira tenente de alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 1103

### RIOTORTO

#### *Anuncio*

Quedando definitivamente aprobado os expedientes de modificación de créditos MC 04/2026 na modalidades de transferencia de crédito de importe de 30.000 euros e o MC 05/2026 de suplemento de crédito e crédito extraordinario cuxo importe total é de 50.280,64 euros, de acordo co establecido no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co 20.3 do RD 500/1990, de 20 de abril, faise público o resumo por capítulos do orzamento de gastos, que definitivamente queda como segue:

Cap. 1 Gastos de persoal	877.780,78 euros
Cap. 2 Gastos correntes en bens e servizos	586.298,00 “
Cap. 3 Gastos financeiros	2.200,00 “
Cap. 4 Transferencias correntes	64.600,00 “
Cap. 6 Inversións reais	1.355.210,56 “
Cap. 9 Pasivos financeiros	40.000,00 “
Total .....	2.926.089,34 euros

Riotorto, 24 de abril de 2026.- O alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 1077

### O VICEDO

#### *Anuncio*

Formulada e rendida a Conta Xeral do Presuposto deste Concello correspondente ao exercicio de 2025, expone ao público por prazo de quince días, xunto cos seus xustificantes e o informe emitido pola Comisión Especial de Contas o día 24 de abril de 2026. Durante este prazo e oito días máis, os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións, as cales serán examinadas pola devandita Comisión, que practicará cantas

comprobacións considere necesarias, emitindo novo informe antes de sometelas a consideración do Pleno do Concello, para que poidan ser examinadas e, no seu caso, aprobadas, de conformidade co disposto no artigo 212.3.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

O Vicedo, 24 de abril de 2026.- O alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 1078

---

## XERMADE

### *Anuncio*

Por acordo da Xunta de Goberno Local do 22/04/2026 aprobouse provisionalmente o padrón do imposto municipal das taxas de subministro de auga potable, recollida de lixo e saneamento do 1º trimestre do 2026, e queda exposto ó público nas oficinas deste Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do seguinte ó da súa publicación no BOP, a efectos de revisión ou reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se transcorrido dito prazo non houbera ningunha.

O prazo para o pago do citado imposto en período voluntario fíxase entre os días 4 de maio ó 30 de xuño de 2026, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Contra as liquidacións incorporadas ó padrón tódolos interesados poderán interpor os recursos establecidos legalmente.

As repercusións do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prado dun mes dende que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

A falta de pagamento do canon de auga no período voluntario suporá a esixencia directamente ó contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Xermade, 23 de abril de 2026.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 1079

---

### *Anuncio*

#### **PADRÓN SAF MES MARZO DE 2026.**

Pola Xunta de Goberno Local do 22/04/2026 aprobouse o padrón correspondente o mes de MARZO DE 2026, da taxa da prestación do servizo de axuda a domicilio.

Dito Padrón queda exposto ó público nas oficinas económicas municipais durante o prazo de quince días hábiles, a contar dende o día seguinte ó da publicación do presente anuncio no BOP. Dito anuncio ten carácter de notificación colectiva ó abeiro do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Lei Xeral Tributaria, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA).

A data de cargo dos recibos domiciliados será a 04/05/2026.

Xermade, 23 de abril de 2026.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 1080